

## MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A TRAMITACIÓN DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE DEFENSA E A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA DURANTE A CAMPAÑA DE 2025 (63/25-I)

### Competencias

O Decreto 223/2022, do 22 de decembro, establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, que é o órgano da Administración galega ao que, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, correspóndelle propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo coas competencias atribuídas á Comunidade Autónoma nos artigos 27.10 e 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia e demais normativa de aplicación. Entre as funcións atribuídas está a coordinación dos medios necesarios para acadar os obxectivos que a consellería se fixe.

### Obxectivo

O obxectivo deste convenio é reforzar o operativo de prevención de incendios forestais en Galicia durante a época de perigo alto de incendios do ano 2025, tal e como se contempla no Plan de detección, disuasión e investigación do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga).

Ao abeiro deste convenio realizarase a despregadura, con misións de vixilancia e disuasión, de 35 patrullas militares terrestres e dous equipos de mantemento móbil, de xeito que se incrementa o número de patrullas terrestres en 5 unidades respecto dos últimos anos.

### Antecedentes

Dende o ano 1999 o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia colaboran na prevención de incendios mediante o emprego de unidades militares.





Desde o ano 2019 este programa ten un período de despregadura de 45 días, comprendidos entre o 15 de agosto e o 30 de setembro, con 30 unidades de patrullas militares terrestres e dous equipos de mantemento móbil repartidos polo territorio galego e coordinados pola Xunta de Galicia, que lles proporciona os medios necesarios como cartografía ou emisoras portátiles compatibles coas do Servizo de Prevención de Incendios de Galicia.

A presenza das Forzas Armadas no territorio galego durante a campaña de incendios ten demostrado exercer un efecto disuasorio sobre os incendiarios e ser eficaz na prevención de lumes, contribuíndo a reducir o número de incendios e a minimizar os danos causados.

Ante os bos resultados obtidos, tanto a Xunta de Galicia coma o Ministerio de Defensa decidiron reeditar o dito convenio de colaboración un ano máis co fin de integrar a acción das Forzas Armadas dentro do dispositivo xeral de prevención e loita contra incendios forestais nesa Comunidade Autónoma para a época de perigo alto de incendios forestais do ano 2025.

### **Aspectos operativos do convenio**

En relación cos aspectos operativos o Ministerio de Defensa, durante a época de perigo alto de incendios forestais en Galicia, comprométese a levar a cabo as despregaduras operativas de 35 patrullas terrestres e 2 equipos de mantemento móbil compostas por militares sobre vehículos.

O período de activación vai dente o 15 de agosto ao 30 de setembro, ambos incluídos. Durante a primeira quincena do mes de agosto levarase a cabo a fase de recoñecemento. As zonas de vixilancia e actuación preferente das patrullas terrestres inicialmente serán as que se detallan no anexo I do convenio, aínda que poderán ser modificadas, de común acordo entre as partes e en función das necesidades operativas, variando o esforzo das patrullas en cada zona, para adaptalas ás distintas situacións que se poidan producir no transcurso do período de vixencia deste documento.

Cando a evolución dos acontecementos permita prever una situación de risco superior ou sexa necesaria unha prórroga do periodo de activación, poderáanse empregar máis recursos ou capacidades do Exército, modificando o convenio mediante addenda, por acordo entre as partes.





## **Xustificación da exclusión do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público**

Segundo o disposto no apartado 2 do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, deberase xustificar o emprego da figura do convenio de colaboración nunha memoria que deberá facerse pública.

A Consellería do Medio Rural está interesada en colaborar co Ministerio de Defensa para o emprego de recursos militares na prevención de incendios forestais. A grande capacidade de despregadura de medios, tanto persoais coma materiais, que posúen os corpos de seguridade do Estado pertencentes ao Ministerio de Defensa, fan deste organismo o único competente e con garantías para desenvolver as accións que constitúen o obxecto do convenio de colaboración a asinar.

Co dito convenio preténdese vixiar e identificar os potenciais axentes causantes de incendios forestais, ao mesmo tempo que a propia presenza dos medios militares no entorno forestal os disuada de provocalos. Para isto é necesario acadar na nosa contorna forestal unha alta concentración de persoal cualificado e equipado axeitadamente, que dispoña do coñecemento e das ferramentas necesarias para desenvolver tarefas de vixilancia.

Estas circunstancias fan que o convenio de colaboración sexa a figura máis axeitada para a realización desta actividade, e que o Ministerio de Defensa sexa a única entidade adecuada para o desenvolvemento das accións das que é obxecto.

Dada a especificidade das accións, o obxecto do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Defensa queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co establecido no artigo 4 desa norma.

Para a tramitación deste convenio tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

O director xeral de Defensa do Monte  
Manuel Rodríguez Vázquez

